

## O vello Eladio Rodríguez González e o manifesto *¡Más allá!*

Xosé Manuel Dasilva

**RESUMO** Artigo estruturado en cinco epígrafes, ademais dun limiar introductorio e dun remate conclusivo no que se estudia a relación do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2001 co manifesto *¡Más allá!*. Comeza cunha explicación do proceso de elaboración do texto asinado por Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio, para centrarse nas críticas aos vellos, entre os que se atopaba Eladio Rodríguez González, que, segundo Xosé Manuel Dasilva, convén entender no momento histórico no que se produciron. Refírese tamén á recepción do manifesto vangardista por parte de Vicente Risco e de Eladio Rodríguez, este último no prólogo do libro *Cantigas y Cantares* de Mario Canda. O autor deste estudo apoia a súa argumentación en numerosas citas, tanto de revistas e xornais da época coma de correspondencia entre os distintos autores.

**ABSTRACT** The article begins with an explanation of the composition of the manifesto *¡Más allá!*, signed by Álvaro Cebreiro and Manuel Antonio, and goes on to examine the criticism levelled at the vellos, among whom was included Eladio Rodríguez González, and which Xosé Manuel Dasilva considers need to be read in the context of the period in which it was produced. He also considers the reception of the avant-garde manifesto by Vicente Risco and Eladio Rodríguez, that of the latter contained in his prologue to Mario Canda's book *Cantigas y Cantares*. The authors arguments are supported by numerous quotations from journals and newspapers of the period, and from correspondence between the various authors dealt with.

### Limiar

Eladio Rodríguez González, aínda que dunha maneira certamente non desexada, foi unha das persoas implicadas no proceso tan revoltado que guiou a elaboración e a recepción de *¡Más allá!*, asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro no mes de xuño de 1922. No medio da confusión de acontecementos políticos e conviccións literarias que determinaron a finalidade inmediata

do manifesto, o autor de *Oracións campesiñas* constituíuse, xunto con Euxenio Carré Aldao, Florencio Vaamonde Lores ou Manuel Lugrís Freire, compañeiros todos da Irmandade da Coruña, en obxecto dos ataques dos dous artistas mozos e tamén, por detrás deles, de Antón Villar Ponte. Aos nomes mencionados comezara daquela a corresponder a etiqueta despectiva de *vellos*, un alcume de significación tanto cronolóxica como estética, ao asumiren a dirección de *A Nosa Terra* logo da tumultuosa demisión do fundador das Irmandades da Fala. Tales *vellos*, na condición de aldraxados, chegarían a dar réplica aos agresivos contidos do manifesto, como se aprecia nas páxinas de diversos números de *A Nosa Terra* posteriores á súa difusión. Cómpre indicar, emporiso, que o comentario realmente de maior profundidade que mereceu *¡Máis alá!* entre os *vellos*, á fin e ao cabo os seus destinatarios máis directos, xurdiu pasados algúns anos da pluma de Eladio Rodríguez González. Débese á súa autoría un suxestivo escrito, con indubidábeis referencias á proclama iconoclasta de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, que foi publicado como prólogo, baixo o título “A modo de presentación”, no volume poético *Cantigas e cantares*, de Mario Canda, que viu a luz no ano 1928.

## A elaboración de *¡Máis alá!* e os vellos

Numerosos documentos coevos, sobre todo de natureza epistolar e xornalística, conducen inevitabelmente a recoñecer que a recepción orixinaria de *¡Máis alá!* non cadra co relevo canónico que se lle atribuíu nos últimos vinte anos<sup>1</sup>. En efecto, a reconstrución do horizonte cultural no que se leu por primeira vez amosa, por unha parte, que o manifesto foi interpretado no seu momento como un texto puntualmente político e, ademais, que o éxito que conseguiu foi bastante reducido ata 1979, cando se lle dedica ao escritor rianxeiro o Día das Letras Galegas. Na xestación de *¡Máis alá!*, así pois, pódese dicir que influíron circunstancias moi concretas de carácter estratéxico, máis que propiamente artísticas, correspondentes á batalla ideolóxica que se produciu nas Irmandades de Fala despois da IV Asemblea Nacionalista, realizada en Monforte entre os días 18 e 20 de febreiro de 1922.

---

<sup>1</sup> Expostos aquí tan só os seus trazos máis xerais, para unha visión pormenorizada da xestación, redacción, difusión e recepción de *¡Máis alá!*, así como aínda para outros aspectos referidos ao manifesto, vid. Xosé Manuel Dasilva, “O máis acá do manifesto *¡Máis alá!*”, en *Xornadas sobre Manuel Antonio* (Rianxo, 30-31 marzo de 2000), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. No prelo.

Como se sabe, os dous bandos en aberta batalla eran a case totalidade da Irmandade da Coruña, defensora da participación política activa, e as restantes irmandades agrupadas coa nova designación de Irmandade Nacionalista Galega, baixo o liderado de Vicente Risco, partidarias dun proxecto ideolóxico de máis fonda pureza doutrinal. De feito, as tres persoas que preparan o manifesto –isto é, tanto Antón Villar Ponte como Manuel Antonio e Cebreiro– estaban involucradas neste enfrontamento apoiando a opción representada pola Irmandade Nacionalista Galega. Máis aínda, a adhesión de Villar Ponte ás teses apoliticistas de Risco fora a fin de contas a causa do seu abandono nos últimos días de 1921 da dirección de *A Nosa Terra*, en anuncio da escisión nacionalista que se habería producir pouco despois. A xefatura do voceiro das Irmandades da Fala pasou, daquela, a ser desempeñada por un “Consello de Redacción”, integrado por Florencio Vaamonde Lores, Euxenio Carré Aldao, Manuel Lugrís Freire, Eladio Rodríguez González e Xoán Vicente Viqueira<sup>2</sup>, todos eles, coa única excepción de Viqueira, *vellos* estanca- dos en principios estéticos decimonónicos.

Débase recoñecer, a dicir verdade, que o proxecto de facer un manifesto xurdira xa pouco antes en Manuel Antonio e Cebreiro, exactamente cando os dous mozos confraternizaran durante algúns días na Coruña a finais de 1921. Así a todo, non menos certo é que existen varias cartas moi comenenciadas de Villar Ponte e Cebreiro ao poeta rianxeiro que poñen ao descuberto a grande influencia que tivo o conflito de *A Nosa Terra* para a xestación definitiva de *¡Máis alá!*. Pódese traer a colación, por exemplo, cómo o debuxante coruñés lle conta a Manuel Antonio, en carta datada nos últimos días de 1921, os incidentes que se produciran en torno á dimisión de Villar Ponte, facéndolle ver, nese novo contexto, a urxencia de divulgar o manifesto agora que *A Nosa Terra* estaba en mans dos *vellos*:

O que pasou na Irmandade vou a che-o contare en umas liñas. Convocaron a uma reunión con objeto de atraer aos que se habían alonxado e o día que dita reunión (xuntanza) celebrouse todos os señores de *cuota 1 peseta* escomenzaron a insultar aos Villar Ponte preguntolles que deixaran *A Nosa Terra*. Tí que ja conoces esta gente, poderás maxinar o que foi. Eu non falo mais de esto porque da-me noxo. Euquí hai dois grupos. Os *nacionalistas industriales*, todos los

<sup>2</sup> Francisco M. Balboa, “Antón Villar Ponte”, *A Nosa Terra*, 155, 15 xaneiro 1922, p. 1.

*demás*, e o Villar Ponte, Viqueira e eu. (...). Antonio escrever-che ha axiña. A ver si fás o *Nabifesto*. Sen meterte con Rosalía á que eu comparo con Cristo. Agora que dirixen *A Nosa Terra* vellos académicos estaría ben que se publicara. Fai un esbozo. (...). Fai o manifesto. Escreve axiña.<sup>3</sup>

Villar Ponte, á súa vez, enviaralle tamén a Manuel Antonio unha carta moi ben calculada na que, á marxe de lle agradecer a súa solidariedade, o obxectivo principal que se aprecia é máis que nada escarnecer duramente os *vellos* de quen dependía agora a dirección de *A Nosa Terra*:

Teño recibido a súa carta agarimosa que agradecín na i-alma. Na *Irmandade*, xa sabe o que me fixeron, porque llo terá dito o Cebreiro. Non había que agardar outra cousa d'unhos horteiras analfabetos. A culpa foi miña pol-os querer erguere deica mín. Pro adiante. *A Nosa Terra* xa verá que da noxo. Fanna tres vellos: Vaamonde, Lugrís e Carré, que suman xuntos mais de tres séculos e poden ter biznetos, non sabendo ningún d'eles que é o nazionalismo e non tendo feito ningún profesión de fé nazionalista. Dito isto, ¿pra que falar mais?...<sup>4</sup>

Por se aínda hai dúbidas de cómo disimulaba os seus intereses políticos con engados que atraesen a Manuel Antonio, é conveniente lembrar que o antigo director do xornal das Irmandades da Fala fará partícipe ao autor de *De catro a catro* dunha sospeitosa polémica literaria que sostivera con Euxenio Carré Aldao, precisamente un dos *vellos* máis sinalados, nas páxinas de *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*. Eis o deshonesto artigo, e utilízase tal cualificativo a partir da inclinación artística verdadeira do seu autor revelada outras veces<sup>5</sup>, que Villar Ponte publicaba no primeiro dos xornais citados:

---

<sup>3</sup> Manuel Antonio, *Correspondencia*, Vigo, Editorial Galaxia, 1979, pp. 140-142. Edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell. Repárese nesta carta no uso quizais non involuntario do expresivo vocábulo *nabifesto*.

<sup>4</sup> Manuel Antonio, *Correspondencia*, p. 146.

<sup>5</sup> Cfr. por exemplo Antonio Villar Ponte, "La poesía gallega en la actualidad", *Hispania*, Madrid, 2, 1925, p. 34; "Un libro de versos y el porvenir de la poesía", *El Pueblo Gallego*, 22 enero 1931. As desaprobacións de Villar Ponte con relación á poesía nova hanse repetir con coherencia ao longo dos anos. Como mostra pódese lembrar o seguinte texto, onde o xornalista escribe outra vez desfavorablemente sobre as formas líricas modernas: "Los que apenas hacen más que literatura y literatura de originalidad sospechosa, porque responde a una juxtaposición de elementos foráneos —y de esta guisa son casi todos los meridianistas madrileños para quienes lo literario es todo— ¿cómo han de

Indudablemente asistimos a lo que pudiera denominarse nuevo renacimiento de la lengua gallega en la época contemporánea. Fué el primero aquel en que la santa Rosalía, más que poeta de la Raza, toda la Raza en un poeta, ofreció al mundo los latidos de su corazón a través de los poemas de *Follas Novas* y *Los Cantares*, que constituyen el evangelio del enxebrismo. Y es el segundo este de ahora en que Ramón Cabanillas, con el estro iluminado por la espléndida *claridad novecentista*, salió a la palestra para elevar la poesía gallega a las cumbres de lo moderno. Los versos del ilustre vate cambadés han conseguido incorporar nuestra lírica enxebre a la lírica europea actual. Rosalía la divina, ya fuera una revolucionaria de la rima, una admirable precursora; pero en ella la manera de decir aun non lograra emanciparse de la superabundancia verbalista propia de los poetas del siglo XIX. La transparencia de la idea conseguida con el menor número de palabras, la diafanidad serena de la emoción artística, la difícil sencillez cristalina que hace de la breve frase musical un espejo, este *ne quid nimis* del rítmico renglón corto que no pudo sospechar Horacio, y que abre para siempre un hondo abismo entre los buenos versificadores y los elegidos de las musas, con Cabanillas vino a Galicia.

Ya no es posible dar el nombre de poeta a aquel que hace versos de forma métrica impecable, ni a aquel que en rimas bien medidas desenvuelve un tema ameno o un rosario de imágenes felices. Tampoco a los que rompen, sólo de modo externo, los viejos moldes. Porque la modernidad no consiste en el arbitrario empleo de los versos, como muchos creen; no consiste en alejarse de los métodos clasicistas para seguir los ahora en boga: consiste, única y exclusivamente, en *la forma de expresión*. La modernidad cabe, pues, tanto en el viejo soneto de oriundez italiana, como en el extraño pareado baudelairiano. La

---

seducir a nadie? No sienten otras inquietudes que las puramente formales, relacionadas casi de modo exclusivo con la idea del arte por el arte, y no cabe en lo posible, por lo mismo, que puedan tener la menor influencia fuera de los grupitos de sus devotos. Reconózcaseles en buena hora cultura selecta, garbo y desenvoltura para escribir, como opina Samblancat. Pero echemos de menos lo que les falta: seriedad, profundidad, transcendencia humana y ciudadana emoción, sin lo cual no hay caudillaje espiritual ni magisterio intelectual. La juventud gallega debe pensar mucho en esto. Porque se da el caso de que entre algunos de sus representantes la moda exótica perturba de modo original, cuando no lleva por los cauces de la literatura lo que es más que literatura y debe ser tratado de otra guisa *ipso facto*. Acaso resulta el literatismo el peor mal de nuestra época. Y la profilaxis contra él hay que buscarla en el interior de cada uno y en el íntimo diálogo con la realidad circundante. Lo demás resultará estéril. Sin espontaneismo afinado en las raíces de la tradición, todo, a la postre, ha de colindar con lo mimético" (Antón Villar Ponte, "No sólo se vive de literatura", *El Pueblo Gallego*, 14 Septiembre 1927).

forma métrica es lo secundario; la manera de expresarse, lo esencial. Y así pudo demostrarlo Cabanillas abriendo a los jóvenes poetas de su tierra un camino europeo, por el cual avanzan ya hacia nosotros arrancando laureles para coronar las liras que pulsan magistralmente, Victoriano Taibo y Manuel Antonio, entre otros...

(...)

Pero hoy sólo queremos hablar de *Abrente*; hoy sólo queremos ofrecer a los lectores una impresión sintética de este nuevo libro, que figurará muy pronto en los plúteos de todas las buenas bibliotecas como un volumen de los más estimados. *Abrente* es la primera colección de versos impresos que Victoriano Taibo publica, mostrándonos con ella una obra maestra y varia, en la cual no puede señalarse ningún poema mediano. Todos son fruto de una feliz inspiración, y si unos se atienen a la forma que pudiéramos llamar clásica, otros resultan de factura exquisitamente moderna. Bastaría a Taibo, de no tener ya hecho el nombre, este solo libro para conquistar justa y envidiable fama, para pasar a ocupar un puesto de honor entre los más grandes vates de nuestra tierra. Y no veáis en las palabras precedentes la menor sombra de hipérbole. Pero aun aparte de cuantos merecimientos dejamos insinuados, cabe apuntar otro al margen del hermoso libro que nos ocupa: el de que acaso ningún poeta gallego haya trabajado y estilizado el léxico como Victoriano Taibo. Nuestra querida lengua nativa en las páginas inspiradísimas de *Abrente* aparece en pleno recobro de la dulzura, la flexibilidad, la eufonía y la riqueza de voces y giros que propios y extraños le reconocen. Después de leer el libro de Taibo, nadie podrá dudar de que el gallego es uno de los más bellos idiomas del mundo, y desde luego el más adecuado para la poesía. ¿Cómo no tributarle, pues, nuestro sincero y entusiasta elogio al tan admirable cuan modesto poeta compostelano? ¿Cómo no augurarle a su obra artística primorosa un éxito rotundo? Las letras gallegas, desde ahora, se hallan enriquecidas con este nuevo libro, que prologaron -a tal señor, tal honor- con poesías muy inspiradas Cabanillas y González Abente, y que aparece editado esmeradamente en los talleres de imprenta de *El Eco de Santiago*, ostentando una linda portada de Alvaro Cebreiro.<sup>6</sup>

<sup>6</sup> Antón Villar Ponte, "Nuevo renacimiento de las letras gallegas. Algunos libros nuevos", *La Voz de Galicia*, 22 enero 1922.

Neste longo texto, reproducido aquí case íntegro, o menos importante é a súa motivación superficial como gabanciosa recensión do libro *Abrente*, de Victoriano Taibo, e adquire máis valor, en troques, o acento provocador, moi afastado do ideario estético tradicionalista de Villar Ponte, co que se deseña a evolución da historia literaria galega, tendo no punto de mira de modo preponderante o estilo poético decimonónico dos *vellos* que integraban a *escola coruñesa*. É moi significativo que o fundador das *Irmandades da Fala* remita coidadosamente a Manuel Antonio unha selección dos fragmentos máis saborosos, de acordo cos gustos poéticos avanzados do rianxeiro<sup>7</sup>. Non menos sintomático é, por outra banda, que xustamente un dos escritores aludidos de modo implícito por Villar Ponte non desaproveite a ocasión de responderlle axiña. En efecto, no xornal *El Ideal Gallego* aparecía aos poucos días o seguinte artigo escrito claramente por Carré Aldao, aínda que se publicase sen sinatura, que é tamén unha recensión do devandito poemario de Victoriano Taibo que viña de saír do prelo:

La antigua tradición lírica gallega que tanta influencia ejerció en la poesía castellana hasta el siglo XV, enmudecida largo periodo, resurgió, por misterioso atavismo, con Rosalía Castro, a mediados de la décima nona centuria, y desde entonces el renacimiento literario gallego fué adquiriendo mayores vuelos de día en día, llegando a un grado de esplendor que rememora pasadas glorias y adaptándose, antes que en el resto de España, al modo de ser de la poética moderna europea.

No estará por demás asentar, contra el error general y el defecto de copia, que si una de las características de la lírica gallega es el sentimentalismo, no es éste su única nota. Nuestra musa no es triste y llorona, sino por veces. El humorismo, la gracia y el tono zumbón y del más fino y cáustico epigrama fulguran en los versos de nuestros poetas a la par que el tono cálido, la protesta mágica y los gritos airados de rebeldía animan las vigorosas estrofas de nuestros cantores.

Los que otra cosa nos dicen no han leído a los poetas gallegos. Hablan tan solo por referencia: son copia de copias. Sin remontarnos más allá, la propia Rosalía, la excelsa e insuperable, digan lo que se quiera, intérprete del alma de la raza, no es tan sólo un eco de los dolores de los humildes sino que es la voz que anatemiza enérgicamente de todas las injusticias que pesan sobre los suyos.

---

<sup>7</sup> Vid. Manuel Antonio, *Correspondencia*, pp. 146-147.

Pintos, Lamas Carvajal, Curros Enríquez, A. Brañas, Pondal, Pereira, Rodríguez González, López Abente, Lugrís Freire, Carré Aldao, F. Vaamonde y tantos otros, muchos de los cuales son altísimos poetas, no simples verisificadores como alguien desdeñosamente insinúa, en su afán contraproducente de extremosos y exagerados elogios, no han esperado a los tiempos actuales para hacer vibrar virilmente las cuerdas de acero de sus liras. Todo cuanto pueda decirse hoy está, mejor o peor expresado, dicho ya de atrás.

La generación actual no hace sino seguir el ejemplo recibido de aquellos que en épocas más adversas que las de ahora, se hicieron eco de los dolores y agravios de su patria, luchando por la reivindicación de su personalidad.

Victoriano Taibo, poeta de altos vuelos, inspiración y alientos, conocido y apreciado por las varias composiciones que lleva publicadas, hace al presente su presentación, bien gallarda por cierto, en el campo de las letras con su primer libro *Abrente*, preciada colección de poesías que de no tener ya el renombre de que goza su autor, bastaría para colocarlo en los primeros puestos del Parnaso gallego. Son de género vario las composiciones de Taibo y en todas ellas hace gala de sus dotes de poeta, y poeta relevante, lo mismo en lo que podemos llamar clásica forma que en aquella en que se adapta a las modalidades del modo de ser actual de la poesía. El sentimiento, la inspiración, y el amor a la patria late en todas ellas, pero para nuestro gusto encontramos más superiores las subjetivas. El lenguaje, florido, elegante y correcto, con toda la flexibilidad y dulzura que caracterizan a la armoniosa *fala* gallega, nos placería mucho más si Taibo, que tan a la perfección lo conoce y maneja, lo librara de ciertos lusitanismos y cuidara un poco más de guiones y apóstrofes. No vea en esto ni el más leve indicio de censura nuestro amigo, sino el deseo que tenemos de evitar que nuestra eufónica lengua vaya a convertirse, por culpa de unos y otros, llevados todos del mejor buen deseo, en un lenguaje literario sí, pero convencional y artificioso. Nuestra más cordial enhorabuena a Victoriano, y que no se haga esperar el nuevo libro ofrecido *Da vella roseira*, para honra y prez de nuestra floreciente lírica. Igual felicitación reciba por la elegancia y perfección con que nos presenta su obra. Falta hacía que los autores y editores gallegos cuidasen, como lo vienen haciendo ya, de que las ediciones sean agradables y

simpáticas a la vista, pues no es hoy sólo bastante el mérito literario si le falta la estética de la impresión.<sup>8</sup>

Villar Ponte recollerá igualmente na carta que dirixe a Manuel Antonio as palabras de Euxenio Carré Aldao que puidesen causar máis impresión na sensibilidade moderna do poeta mozo, acompañadas por riba de maliciosos comentarios nos que arremete contra os seus adversarios da Irmandade da Coruña. Entre tales comentarios xorde ilustrativamente o uso da designación pexorativa *vellos* para aqueles escritores aos que é necesario que se opoña, segundo o xornalista, a xente de espírito radicalmente novo como Manuel Antonio:

¿Qué lle parece como discorren c'os pes os vellos que non acertan a se morreren a tempo? Estes vellos que nos odian porque representá-mol-o espírito novo... Coido, porén, que o seu manifesto non estaría de mais agora. Xente moza, valente, *d'avantgarde*, compre que xurda. Que xurda e remesa as augas mortas enlixadas pol-os pes dos poetastros novecentistas. A unha beira Pondal, *o raro*, e Rosalía, a precursora, eu non sei...

Conque, querido Manoel Antonio, *sursum corda* e a eles...<sup>9</sup>

Como proba concluínte xa do altísimo grao de complicidade entre Villar Ponte e Cebreiro á hora de convencer a Manuel Antonio en favor das súas intrigas, máis de xorne político que meramente estético, importa reparar na tendenciosa carta enviada polo caricaturista só algunhas datas máis tarde. Ao seu entender, que coincide absolutamente co de Villar Ponte, era sen dúbida este o momento máis propicio para poren en circulación o manifesto:

Ahí che vae esta *gacetilla* que o Carré pai escribveu no *Ideal Gallego*. O artigo a que se refire era do Antonio V. Ponte, na *Voz de Galicia* falando dos novos poetas, con motivo do libro do Taibo, que por certo está moito ben imprentado, e no cual falaba de Cabanillas, Abente e mais de tí. Compre agora, como verás, o manifesto. E uma coisa urxente. Se non queres faguelo todo mandame o que queiras e eu rematareino.

<sup>8</sup> Sen Sinatura, "Publicaciones. Abrente, versos galegos por Victoriano Taibo", *El Ideal Gallego*, 28 enero 1922.

<sup>9</sup> Manuel Antonio, *Correspondencia*, p. 148.

(...). Se recibes *A Nosa Terra* verás que é una coisa lamentábel. (...). Pregoche polo que mais queiras que fagas o manifesto, pois millor ocasión non pode-se atopar, como esta en que os vellos, como as ameijas quando lles votan limón, escomenzan a remexerse.<sup>10</sup>

Cabe imaxinar que Manuel Antonio non precisase de moitos ánimos para aceptar a tarefa de redactar o texto de *¡Máis alá!*, xa que ao seu devezo natural de rebeldía se engadía o aliñamento na corrente ideolóxica risquiiana oposta á Irmandade da Coruña. A vocación contestataria de Manuel Antonio, moitas veces exteriorizada nobremente con feitos sorprendentes, ben a ilustran diversos episodios da súa vida. É o mesmo Manuel Antonio, por outra parte, que pouco antes de *¡Máis alá!* xa se estreara como intransixente divulgador de manifestos, tal e como demostra o escrito de protesta contra o Concello de Vigo que redactou con Xavier Soto, baixo o título “Terra ceibe. Aos bos galegos”, no mes de xuño de 1921<sup>11</sup>.

16 En fin, como consecuencia innegábel dos envites lanzados por Villar Ponte e Cebreiro mostrándolle a oportunidade de *¡Máis alá!* nesa conxuntura precisa, o poeta rianxeiro acepta apresurar a elaboración do manifesto. Manuel Antonio está arredado en Rianxo, con poucas noticias do que acontece fóra deste lugar, e recibe con agradecemento todas as mensaxes que lle acheguen informacións da actualidade política e cultural galega. En tales circunstancias, é doado explicarse que os requirimentos logreiros que lle chegaban para se pór a traballar en *¡Máis alá!* obtivesen de contado a resposta cobizada por Villar Ponte e Cebreiro. A descrición sucinta que se está a facer agora non permite detallar o proceso completo de preparación do manifesto, o cal dá para escribir moitas páxinas<sup>12</sup>. Malia non seren fornecidas nestas liñas todos os testemuños que sería posíbel aducir canto a iso, déase creto sen temor, así a todo, á seguinte conclusión: a asinatura explícita de Manuel Antonio e Cebreiro ao pé de *¡Máis alá!* non impide, nin moito menos, que haxa motivos sobrados para afirmar que o seu proxecto de faceren xuntos un manifesto renovador se viu perturbado pola participación insidiosa do antigo director de *A Nosa Terra*. Velaquí só algúns datos ao respecto suficientemente contrastados: Villar Ponte é quen di que no texto debe ir todo moi concentrado para que fose fácil

<sup>10</sup> Manuel Antonio, *Correspondencia*, pp. 149-150.

<sup>11</sup> Xavier Soto; Manuel Antonio, “De Vigo. Terra ceibe. Aos bos galegos”, *A Nosa Terra*, 142, 15 xuño 1921, p. 5.

<sup>12</sup> Vid. Dasilva, “O máis acá...”.

imprimilo canto antes; Villar Ponte é quen di o número de douscentos exemplares que habería que facer; Villar Ponte colabora economicamente a custear o manifesto; Villar Ponte, en suma, será acusado de forma pública en varios artigos xornalísticos de ser el o verdadeiro pai da criatura<sup>13</sup>.

### A literalidade de *¡Máis alá!* e os vellos

Se dúbida son moitos, por non dicir case a maioría, os anacos de *¡Máis alá!* que cobran o seu significado máis recto, lidos de maneira debidamente enmarcada, a partir da escisión que se produce nas Irmandades da Fala entre o grupo coruñés, isto é, os *vellos*, nos que se encontra Eladio Rodríguez González, e a corrente liderada por Risco e apoiada de modo partidario por Villar Ponte. Nese sentido, hai que ter en conta que xa se declara no encabezamento do manifesto que é unha “chamada a Mocidade intelectual d’a nosa Terra”, o que converte o texto nun chamamento á mocidade galega feito polas Irmandades Nacionalistas a través da súa organización xuvenil, as Mocidades Galeguistas. Para comezar, por exemplo, no epígrafe primeiro, “O xesto”, Manuel Antonio e Cebreiro afirman que o seu texto non responde ás intencións acostumadas dos manifestos vangardistas, de alcance só estético, e ata critican a abundancia de *ismos* que non son capaces de superar a trivialidade. De forma máis taxativa aínda, os dous mozos confesan que *¡Máis alá!* pretende ser sobre todo unha dura protesta contra os *vellos*, unha advertencia que descobre, xa desde o principio, que o seu ataque ten como obxectivo determinado os literatos, Eladio Rodríguez González entre eles, que dirixían *A Nosa Terra* despois do forzado abandono de Villar Ponte:

Non nos erguemos d’o xeito que o fan a maoría d’os que n-outras terras pubrigan manifestos máis ou menos literarios.

Casi todos eles tencionan arrecadar adeutos pra algún novo *ismo* que aparece querendo ser a derradeira verva d’a moderna Estética cando, en verdade, non son máis que unha nova proba de que un esnobismo operetesco invade a Literatura.

Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacábel contra os vellos.

---

<sup>13</sup> Vid. concretamente Xosé Lesta Meis, “*¡Máis alá!*”, *La Zarpa*, 25 Agosto 1922; “De mi tierra. *¡Máis alá!*”, *Eco de Galicia*, 174, 3 septiembre 1922.

Manuel Antonio e Cebreiro esclarecen a seguir quén reciben o alcume de *vellos*, aos que tamén se fai referencia co vocábulo “gafualla” e dos que se especifica que sofren o mal da “acefalia”, no epígrafe concretamente titulado con esa designación. Para definilos razónase a diferenza que existe, segundo ambos os mozos, entre *vellos* e *devanceiros*, xa que pode aínda haber unha actitude de respecto diante dos segundos en nome da sucesividade e, xa que logo, da evolución. En nome tamén da sucesividade exprésase a vontade, polo contrario, de matar en vida os *vellos* por dous motivos: primeiro, pola súa vulgaridade; en segundo lugar, pola súa insistencia en facer fronte ao presente botando man do pasado. Os *vellos* terían asemade outra culpa, como é a pretensión, ás veces conseguida, de se erixiren en líderes reconecidos da cultura galega.

Polo visto ata aquí, é doado apreciar que os deostados en *¡Más allá!* non poden ser outros que o grupo de escritores que integran a Irmandade da Coruña e dirixen *A Nosa Terra*. Se non, véxase confirmada esta hipótese nas seguintes palabras:

Os vellos non son os que escribiron fai moitos anos —aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como si vivisen n-o antonte d’os séculos.

E a ley de sucesividade que nos fai respetar aos devanceiros, é a mesma que nos ergue e move pra enterrar aos vellos en vida, baixo a lousa inmóvil d’a súa vulgaridade, pol-a acefalia que supón o desexo de definir c’o pasado a hora de hoxe.

Ista gafualla, de ser leigada a sí mesma, debéra irse, por exemplo a Madrí, metrópolo peninsuar d’a barbarie civilizada, onde a súa teimosía anti-cronolóxica encadraría moi ben, compretando aquel ambemnte d’inferioridade. Pero é a nosa disgracia que non só non fan iso sinón que aínda teñen o pretendimento, que en parte conseguen, de pasar por persoeiros d’a nosa cultura; e isto con outras cousas máis, é o que non pode seguir sendo.

No apartado seguinte, “A nosa razón”, Manuel Antonio e Cebreiro apelan outra vez á xuventude, agora nominalmente a través das Irmandades Nazoalistas, de maneira que xorde por fin mencionada a organización que inspira o manifesto. É unha referencia política clara co propósito de que se reaccione perante o perigo de adoptar como mestres “os nosos *prestixos literarios*”,

alusión abondo cáustica que lembra de modo inequívoco o adxectivo que Francisco M. Balboa utilizara no seu momento para referirse aos “*prestixiosos* literatos e entusiastas irmáns” que integraban, en substitución do demitido Villar Ponte, o “Consello de Redacción” de *A Nosa Terra*. Repárese nesta nítida alusión que figura no manifesto:

Iste contaxio arripiante será unha realidade si a xeneración galega que hoxe medra ao acougo d’as Irmandades Nazoalistas, chega a tomar por mestres de sensibilidade os nosos *prestixios* literarios.

Percíbese en *¡Más allá!*, a continuación, unha longa reflexión que se alicerza nos presupostos do *nacionalismo integral* risquiario en oposición ás posturas da Irmandade da Coruña. En efecto, preconízase para o rexurdir nacionalista, antes de acadar a liberdade con respecto á dependencia centralista, unha actitude de “arredismo artístico” que estea exento de podremias artísticas e marque un rumbo diferente nas letras galegas. Os destinatarios do manifesto, como se pode ver sen moito esforzo, son aínda os mesmos *vellos*:

Tida en conta a importancia primordial que o Arte ten n-os rexurdimientos raciaes (miudean os movementos nazoalistas que comencan pol-o arredismo artístico) chegaremos a coidar sinón fracasado pol-o menos de remouta eficacia o actual movemento rexurdente n-a Galicia si non se consegue un troque radical n-o aspecto d’a nosa Literatura. Porque é pretender andar c’os pés atados o tratar de liberar-nos d’os trabamentos esternos sin facer denantes o mesmo co-a podredume interior.

No seguinte epígrafe, baixo o título “O ruralismo”, Manuel Antonio e Cebreiro volven expor unha liña ideolóxica semellante, concretada na necesidade dunha mudanza estética. Tal mudanza sitúase no polo oposto con relación ao pensamento literario dos novos dirixentes de *A Nosa Terra*, unha vez máis convertidos en obxectivo do manifesto:

Unha comencia estética pura y-enxebre é o primeiro paso d’a volta a nós mesmos. E o máisimo crime de lesa patria é un verso d’ise xeito que pregoan as arráns d’a lagoa académica querendo impor o seu anacrónico croar por riba de toda voz nova, ceibe e ceibista. Porque ise fato d’eunucos literarios, d’esprito choído e ateigado d’unha decramatoria cursilería palabreira, son os que farán arrenegar de si

mesmo a calquer bo galego d'esprito amplexo e depurado que coide ver n-eles a *alma da raza*.

Mentras que total-as culturas europeas foron erguendo, de pouco tempo acó, mausoleos d'escuridade encol d'ise xeito de mortos en vida, qué espeutago é o que damos en Galicia?

Momias que fan esculturas a sua imaxen e semellanza. Mentra seles, cinguidos ao pasado, siguen cicelando estátoas feitas, fagamos nós, coas nosas inquedanzas, unha nova figura, grotesga quizáis pero nova ao fin, pró retablo d'os tempos

Os testemuños non son poucos, como se pode ver, en apoio de adxudicar a *¡Máis alá!* uns receptores individualizados que se corresponden cos *vellos* da Irmandade da Coruña, citados sempre con moita vehemencia: “acefalia”, “gafualla”, “arráns da lagoa académica”, “eunucos literarios”, “momias”... Faise preciso subliñar, en tal sentido, que só a partir do epígrafe “Os devanceiros” é cando principian a ter protagonismo as limpas intencións estéticas que Manuel Antonio concibía para o manifesto, as cales non chegan a suscitar o mesmo interese dos violentos ataques precedentes.

20

Non é custoso verificar que as cartas asinadas ou recibidas por Manuel Antonio ao longo do mes de xullo de 1922 indican, sen moito espacio para a discusión, que *¡Máis alá!* se remitiu a persoas discriminadas que puidesen sentir o seu alento provocador. Mesmo que por parte de non moitos, o certo é que o manifesto se converteu en motivo de discusión intensa, unhas veces con argumentos razoados e outras en clave persoal. *A Nosa Terra*, o máis claro branco de *¡Máis alá!*, publicará de seguida unha breve nota, elegantemente irónica e asemade contidamente irada, que reacciona aos ataques insinuando en ton de desprezo a falta de obra de Manuel Antonio e Cebreiro<sup>14</sup>. Alén diso, a folliña non pasará desapercibida noutros medios de expresión á marxe de *A Nosa Terra*, como a revista coruñesa *Gráfica*<sup>15</sup>, o boletín *Rexurdimento*<sup>16</sup>, o *Diário de Lisboa*<sup>17</sup> e, principalmente, o xornal ourensán *La Zarpa*<sup>18</sup>, nos cales se

<sup>14</sup> Sen Sinatura, “*¡Máis alá!*”, *A Nosa Terra*, 166, 1 xullo 1922, p. 6.

<sup>15</sup> *Gráfica*, 1, agosto 1922.

<sup>16</sup> *Rexurdimento*, 2, 16 agosto 1922.

<sup>17</sup> *Diário de Lisboa*, 15 julho 1922.

<sup>18</sup> Vicente Risco, “De *¡Máis alá!* e mais do *foulard*”, *La Zarpa*, 15 julio 1922; Euxenio Montes, “Lendo *¡Máis alá!* (I)”, *La Zarpa*, 21 julio 1922; “Lendo *¡Máis alá!* (II)”, *La Zarpa*, 26 julio 1922; “Lendo *¡Máis alá!* (III e último)”, *La Zarpa*, 11 agosto 1922.

deixan notar máis as boas relacións de Villar Ponte que o propio labor difusor levado a cabo polos dous artistas mozos.

## Vicente Risco, Eladio Rodríguez González e *¡Máis alá!*

Un dos máis atentos glosadores do manifesto foi Vicente Risco no artigo publicado en *La Zarpa*, “De *¡Máis alá!* e mais do *foulard*”, que acaba de ser citado. Malia o feito de que o texto de Manuel Antonio e Cebreiro mostre moi de preto en bastantes liñas as súas pegadas ideolóxicas, o certo é que o xuízo do escritor ourensán, aínda que expresado cunha boa dose de ambigüidade, non poderá deixar de ser en certa maneira desfavorábel en conxunto:

O manifesto rebelde d’Alvaro Cebreiro e Manoel-Antonio, un pouco serodio... Endeben, eu achábame lendo unha obra póstuma da Condessa de Pardo Bazán, que Leandro Pita Romero acolleu baixo a bandeira da Editorial Atlántida –a Atlántida baixo a poeira de Castela–, contos da Terra feitos c’unha sensibiliadde de turista...

Seica se discute moito iste manifesto... Hoxe viña *A Nosa Terra* antre riseira y-amoscada por istas lerias novas. A todos nos ha chegar o tempo de pasarmos ao arquivo, e non ha estar mal qu’os novos remexan n’il pra nos desempoeiraren, inda que sexa a basoirazos...

O *ruralismo*, hai qu’andar co-íl con moito ollo... millor dito, compre que seipamos ben o significado que ll’imos dar a esa verba; porqu’ela ten pra min a veces un senso –que non é “convertir o galego na fala intérprete de total-as indecenzas e vulgaridás”– ao que penso que compre voltarmos os ollos todos aeito, inda que non fora mais –literariamentes– que pra nos ceibarmos do *foulardismo*. Literariamentes, un pouco; socialmentes, no meu conceuto, de todo... Dixen xa eu nestas columnas, que o agrarismo, senon era –no senso qu’eu digo y-espricarei ainda outro día– ruralismo, non era nada. E compre que os novos se decaten d’elo.

O *foulardismo* é outro cantar. É unha doenza que se dá na nosa banda atlántica. En Galiza non infestou mais que’a *lengua de Cervantes* –Ortiz Novo, Portal Fradejas, Barbeito Herrera...–, mais Portugal áchase inzado de *foulardismo*: Alexandre de Córdova, Antonio de Cértima, eu que sei!... Nós temos un Gran Pontífice do Foulardismo,

que non é noso: Valle-Inclán. Iles teñen outro que é d'iles, e pol-o tanto, mais noso: Euxenio de Castro. Eu penso que o descubridor da *escola* fun eu: o público denunciador foi Antón Vilar Ponte; agora, os acusadores públicos son Cebreiro e Manoel-Antonio.

O Vilar Ponte atopou pra bautizar-a escola un nome sedoso, vaporoso –iles se cadra dirían *inconsútil*– que lle cadra moi ben: *foulard*, que o hai de seda a 6 ou 8 pesetas a vara en calquera tenda, non moito custe pra un literato rico e vanidoso...

Lémbrome que a revista *Vida* da Cruña fixo tremendos esforzos de retorcemento pra desbotar o *foulard* das súas páxinas e pasarse ao cubismo.

Mais tampouco compre que nos enrabechemos co *foulard*: coma din Alvaro Cebreiro e Manoel-Antonio, *tamén hai outros*...

22 Despois de cualificar o manifesto de *serodio*, debido á circunstancia de que xa transcorrera a etapa de maior vigor das vangardas, Risco só acepta aqueles ataques de *¡Más allá!* encamiñados contra os escritores galegos que tiñan como vehículo de expresión literaria o castelán, é dicir, os cultivadores modernistas do *foulardismo* que tentaban reproducir o estilo de Valle-Inclán. Cómpre lembrar que en diferentes oportunidades Risco xa tiña censurado abertamente as posicións lingüísticas do autor de *Divinas palabras*, como se pode observar, por exemplo, no seguinte comentario:

Veño de recibir o derradeiro número de *Grecia* (Madrid 1 Agosto 1920). A segunda cousa que trai é un poema de Valle-Inclán, *Estética de la mujer de color*. O meu amigo Isaac del Vando Villar di que aquilo é ultraista; eu non me quero meter neso, agora. Mais discutíbel que o ultraismo de Valle-Inclán é o seu *galeguismo*.

Don Ramón foi un caso de fidelidad exemplar á unha estética e mais a unha *pose*. Se agora abandona o seu *pasatismo* é sinxelamente porque o home de que chega a certos anos, preocúpase de non parecer vello. I-esto, a nós nonos pode parecer mal.

Pro Don Ramón non fixo na sua vida mais qu'enriquecer o castelán á conta do galego. Il levou da nosa língoa frases, xiros, modismos, verbas de que hoxe s'ufana o castelán, que s'atopa que campa moi ben esí

adornado de galas alléas. Don Ramón levou pra casa allea os bés da sua casa, misturou o viño das suas terras pr'endulzar o viño acedo do veciño, adornou a sua querida coas alhaxas da sua muller.

Eis o galeguismo de Valle-Inclán... E nós, como lle imos querer ben?<sup>19</sup>

É interesante ter en conta que o creador de *O porco de pé* chegou mesmo a reclamar desde *A Nosa Terra*, co gallo de dar noticia do manifesto catalán *Contra els poetas amb minúscula*, de Salvat-Papasseit, a urxencia dun pronunciamento público parecido contra os autores galegos que se servían do castelán para escribiren as súas obras:

J. Salvat-Papasseit, poetavanguardistacatalá que xa coñecendes todos, publicou o primeiro manifesto catalán futurista, *Contra els poetas amb minúscula*, que eu dariavos inteiro, pro somentes podó faguer notaciós instantáneas. (...)

O agudo Tomás Garcés, comentou pra min ise manifesto n'unha carta, e di que espresa a esperanza do Poeta catalán que il chama Poeta Civil e eu chamaría Poeta Étnico.

Antre nós inda non saiu ningún d'iestes manifestos. Inda ninguén s'estreveu nin xiquera c'os galegos que escriben en castelán, poetas con minúscula, minúsculos iles mesmos, a maoría.<sup>20</sup>

Ora ben, se Risco pode chegar a concordar coa denuncia que se realiza en *¡Más allá!* dos *foulardistas*, a súa actitude vai ser, polo contrario, diverxente en todo o que se refire á cuestión do *ruralismo*, non pouco abordada con notorio menosprezo por Manuel Antonio e Cebreiro. É neste punto precisamente onde, de forma curiosa, Risco porá en certa oportunidade como exemplo ao *vello* Eladio Rodríguez González para ilustrar a súa propia posición ideolóxica, que é nitidamente contraria aquí ao pensamento que defenden os autores do manifesto. En efecto, nunha recensión publicada algúns anos máis tarde sobre o libro *Oracións campesinas*, o escritor ourensán ha propugnar o que el

<sup>19</sup> Vicente Risco, "Letras nosas e alleas. Valle-Inclán ultraista", *A Nosa Terra*, 126, 20 agosto 1920, p. 5.

<sup>20</sup> Vicente Risco, "Follas novas. Libros e revistas. Un manifesto futurista catalán", *A Nosa Terra*, 128, 25 setembro 1920, p. 8.

chama *ruralismo transcendental*, isto é, a importancia que reside no espacio rural en tanto salvagarda dos valores galegos máis auténticos, do que Eladio Rodríguez González sería un modelo excelente:

(...) poemas do mais san i-enxebre lirismo, no que trasparece o fondo sentimento da terra e da paisaxe, que chega moitas vegadas â eisaltación panteísta, e o que poidéramos chamar *ruralismo transcendental*, característico en parte da lírica e do pensamento galego de hoxe. Iste *ruralismo transcendental* áchase moi por riba, xa non do ruralismo sinxelamente espresivo do conxénito –ataí como s’atopa por eisempro nalgunhas cousas de Benito Losada– mais tamén do imitativo –en que caeran todol-os escritores do século pasado. O ruralismo transcendental é o do que xa veu de volta das mais lonxanas cibdades.<sup>21</sup>

### Os vellos e a recepción de ¡Máis alá!

24

Como era de esperar non faltan diversos documentos, máis ou menos veciños no tempo á difusión de ¡Máis alá!, escritos por aqueles autores acusados de *vellos* no manifesto e aínda por outros *irmáns* de afinidade política probada. É interesante percibir, sobre todo, que estes escritos corroboran unha e outra vez a interpretación de que o manifesto irrompeu nun contexto determinado de confrontación no seo das Irmandades da Fala. De acordo con iso, resulta patente o descontento que causaran neses receptores os intereses políticos presentes en ¡Máis alá!, utilizándose en tales textos o mesmo rexistro entre retranqueiro e alporizado xa visíbel na breve nota, antes mencionada, coa que se describía o manifesto en *A Nosa Terra*.

O primeiro escrito que convén rescatar son algunhas liñas dun artigo de Euxenio Carré Aldao que se publicou, no voceiro da Irmandade da Coruña, o 25 de xullo do mesmo 1922:

Tal se van poñendo as cousas, que se hoxe o noso Santo Patrón Santiago quixera volver a facer o milagro de vir outra vez á terra para nos librar do xugo estranxeiro, de certo tería que empregal-o seu

---

<sup>21</sup> Vicente Risco, “Oracións campesiñas”, por Eldio Rodríguez González”, *Nós*, 50, 15 febreiro 1928, p. 38.

esforzo en favor de esta sua amada Galicia na que quixo tel-a sua sepultura, mais que contra dos alleos, contra de moitos dos seus fillos que negan aos mais que se non prestan a seguilos cegamente, o santo e nobre amor â Patria.

Os que así fan laboran en terreo estéreo, sementando a discordia, dividindo forzas, afogando toda idea xenerosa, impedindo o rexurdir dos ideás da raza e o que é mais triste, poñendo no maor dos ridículos a seu país e ás suas cousas; ¿mais qué lles importa? Finxen agarimos, que non sinten nas suas almas secas, para ocultal-os seus personalismos fins.

Moito se usa e abusa por certas e determinadas xentes do santo nome de Galicia que non pasa en dexamais dos seus labios sin que se adentre nos seus corazós.<sup>22</sup>

De maior transparencia aínda han ser as seguintes reflexións inseridas nas páxinas do mesmo xornal a prol dalgúns dos *vellos*, membros da *escola coruñesa*, agraviados por Manuel Antonio e Cebreiro:

25

Carré, o vello Carré, non é somente un devoto da causa de Galicia, é un apóstol; non é un teorizante na area literaria, é un mestre traballador; e sempre que queiramos estudar a historia do desenrolamento da nosa literatura, nascida no noso verbo, somente Carré –o mestre, o cidadán exemprar e distinto– pode endereitar os nosos pasos.

¿Quién non conosce o seu notabre e proveitoso libro *Literatura Galega?* (...)

Mais, léndo o libro do mestre, vese que n-un dos capítulos fala concenciadamente da tan levada e traída *Escola cruñesa*. Esta faceta da nosa literatura moderna ten unha meirande importancia na nosa renascencia. Foi un movemento hixiénico e purificador, un depurativo do sangue emporcado pol-os galegos sin cultura, ou con cultura descamiñada.<sup>23</sup>

---

<sup>22</sup> Euxenio Carré Aldao, "Se volvera Santiago...", *A Nosa Terra*, 167, 25 xullo 1922, p. 4.

<sup>23</sup> Sen Sinatura, "Teatro galego. As veladas da Irmandade", *A Nosa Terra*, 173, 15 novembro 1922, p. 5.

Como resposta firme a *¡Máis alá!* debe ser lido tamén estoutro artigo asinado por Leandro Carré, onde se realiza fronte aos “novos nazionalistas” unha acesa apoloxía daqueles *vellos* que contaban entre os seus méritos, conforme se refire, a *Liga Gallega*, a *Revista Gallega*, as *Irmandades da Fala*, *A Nosa Terra* e, en fin, un cultivo das letras valiosamente coidado:

En Galicia hai dúas crases de nazionalistas.

Son uns os que xa de moi atrás viñan laborando en pro da causa galeguista: os que constituíran a *Liga Gallega*, primeira entidade nazionalista, que tiña por idioma oficial o da Terra, e por órgano aquela *Revista Gallega* que saíu semanalmente durante doce anos, e máis tarde o primitivo quincenario *A Nosa Terra*; os que ergueron en Carral o moimento aos mártires da liberdade; e que, en fin, contra o sentir xeral mantiveron sempre o seu espírito de galegos conscentes, purificaron o noso idioma adoutando unha maneira culta de escribir, iniciaron no estranxeiro, e sobre todo en Portugal, o intercambio literario e cultural entre os homes de ciencia e de letras, e somentaron de cote as ideas de redención para Galicia, sendo tamén os fundadores da primeira *Irmandade da Fala*.

26

Os novos nazionalistas que son os que apareceron agora, que se sentiron nazionalistas de pronto, por un impulso súpeto; os que se pregonan a si mesmos como únicos e verdadeiros nazionalistas e que non queren reconocer nen-o amor á Terra nen a labor dos outros; os novos nazionalistas son os que quixeran queimar todo o noso pasado literario; os que teñen un órgano de publicidade que eles mesmos intitulan *da cultura galega*; son os que aproveitan todas as ocasións para falaren de si mesmos, dos seus traballos, das súas colaboracións nas revistas estranxeiras; son, en fin, os que tachan, censuran e silencian canto non sexa feito por eles, para que se vexa que realmente eles son os bós, os *únicos*.<sup>24</sup>

É interesante comprobar que no remate deste mesmo artigo se fai mención explícita, polo contrario, ao labor estéril dos membros da Irmandade Nazionalista, ocupados tan só en desacreditar o prestixio literario dos *vellos*:

---

<sup>24</sup> Leandro Carré, “É mester reitificar. As dúas crases de nazionalistas”, *A Nosa Terra*, 174, 1 Nadal 1922, p. 3.

Nós estivemos sempre calados agardando á ver o que os membros da nova *Irmandade Nazonalista* facían; esperábase que a súa labor fose mais intensa e mais froitífera que a nosa; que as súas obras filolóxicas, sociás, históricas e literarias superasen ás dos vellos escritores; que os mitins de propaganda, as creacións de organismos, todo o que, nunha verba, representa cultura e vida adianta-se d'un xeito arrollador por Galicia adiante.

Mais pasou o tempo e todo continua na mesma. As *Irmandades da Fala* van seguindo o seu camiño paseniñamente; a *Irmandade Nazonalista* vai tamén á pasos contados, e onde mais se manifesta a vida dos seus membros é nas *rabuñaduras* que por veces pretenden facer na sona dos que eles chaman despeitivamente *vellos*.

¡Esto vai seguir así? ¿Imos os galeguistas á nos enredar en xenreiras e persoalismos en vez de adicar as nosas enerxías a laborar pol-a redención da Terra?

Uns e outros teñen cualidás boas que louvar, e malas onde roer; deixemos eso de parte e poñamos o pensamento sómente en Galicia.

Tempo virá en que cada un representará o que mereza representar; non nos apesuremos.<sup>25</sup>

27

Xa de incuestionábel significado é esta mordaz colaboración de Federico Zamora en *A Nosa Terra*, nas liñas da cal se constata a existencia do “nacionalismo clásico”, representado pola Irmandade da Coruña, e do “nacionalismo cubista”, é dicir, o encarnado polos integrantes da Irmandade Nazonalista Galega:

Despois dos dous artigos publicados no derradeiro número d'*A Nosa Terra*, fican de feito deslindados os terreos dos nazonalistas galegos.

Nazonalismo cultural, o da I.N.G.

Nazonalismo galego, o das Irmandades da Fala.

---

<sup>25</sup> Carré, “É mester reitificar...”, p. 3. Manuel Antonio base referir concretamente a este artigo, nunha carta dirixida a Cebreiro, nos seguintes termos: “Viches en *A Nosa Plebe* un artigo de Carré? A cousa cochina, chega” (Manuel Antonio, *Correspondencia*, p. 204).

Eu chamaríalles de outro xeito. As Irmandades da Fala, comenzaron unha varuda campaña –ao fundárense– no senso sempre patriótico de esaltación do idioma e costumes galegas.

(...)

Dos acordos da xuntanza de Monforte que nos non acatamos, a I.N.G. ¡inda non-os deus imprentados!

En troques de todo isto, Nós, as Irmandades da Fala, seguimos o noso camiño levando sempre por bandeira o programa de Lugo.

Laboramos neste ano mais que nunca.

Temos mais irmáns que nunca.

E sobre todo temos mais azos para loitar que nunca.

Por eso decíavos eu ao comenzar estas liñas que o movemento podía-se chamar de outro xeito, que eu chamaría:

I. Nacionalismo cubista (coído que esto do cubismo inda non está claro).

II. Nacionalismo clásico (está esto claro).

Pois abonda por hoxe.<sup>26</sup>

Tamén é accesíbel observar certas referencias sutís ao manifesto de Manuel Antonio e Cebreiro neste novo artigo de Euxenio Carré Aldao:

N-estes tempos de hoxe temos de mirar con certa aquela o entusiasmo sospeitoso dos néofitos e moito máis aos que desconocen todo o noso pasado e a todos aqueles que creían ou aparenten creeren, que de todo pode habere, que nada se fixo hasta agora. Hai que terlle temor a eses elementos arrivistas e perxudiciós que se poñen a rentes de toda idealidade incipiente para desvirtual-a ou facerlle tomar camiños tortos.

Os poetas e os escritores foron, son e serán sempre os precursores de todo movemento, pois a lingua e a historia, a primeira sober todo, é o

---

<sup>26</sup> Federico Zamora, "En col de dous artigos", *A Nosa Terra*, 175, 15 decembro 1922, p. 6.

signo da nacionalidade. Non teñen, pois, nin pisca de razón todol-os que renegan da súa obra, pois ela é como a Aurora que nos anuncia o raiar do Sol. Non esquezades que o deforme Tirteo enviado como por bulra de caudillo aos espartanos conduxo as suas hostes á victoria ao son dos hinos por aquél compostos.<sup>27</sup>

Lesta Meis vai ser o responsábel doutro testemuño publicado en *A Nosa Terra*, primeiro conferencia proferida na Irmandade da Coruña o 23 de marzo de 1923, onde se salienta unha vez máis a participación activa de Villar Ponte en *¡Máis alá!* Case un ano despois de se difundir o manifesto, as palabras de Lesta Meis son moi útiles para ratificar por extenso o equívoco comportamento do antigo director de *A Nosa Terra* con relación ao manifesto:

Somos demasiado suspicaces us para outros. Todos nos chamamos amigos e nos damos a man; pero mirámonos de reollo. (...)

Todo esto nace de que non sabemos mais que falarnos ao oído en vez de falar como deben falar os homes, en voz alta e donde todos poidan oír e xusgar. (...)

Eu sei d'un a quen lle ocorreu este caso, que retrata todo o que levo dito. Un día encontrouse c'un amigo, escritor galeguista de sona. Faláron, como sempre, das cousas do día. O escritor doulle unha folla, un manifesto, mellor dito, donde se falaba dos problemas galegos e dos nosos poetas. Gardouno o home do conto, e en chegando a súa casa leuno. Non ñe gustou o que se decía alí dos nosos poetas, *dend'os precusores até os seus berdeiros autuaes*. Aos poucos días encontrou ao amigo que lle dera o manifesto e díxolle: -“Esto é seu”. -“Non”, contestoulle o amigo. “Eu non fixen eso. E ben-o ve vostede que non está firmado por min”. Pero esto non convenceu ao home de quen falo. Este home conoce ben o estilo do escritor que lle dera o manifesto. E o manifesto estaba feito no estilo d'este escritor. Claro que, así e todo, podía non ser d'el. Pero ô noso home pareceulle que sí; e disgustándolle moito que semexante cousa fixera contra dos nosos poetas, *dend'os precusores até os seus berdeiros autuaes*, protestou contra d'eso n-un boletín. Protestou con toda a cras de respetos para o escritor

<sup>27</sup> Euxenio Carré Aldao, “Do nacionalismo e de outras cousas que co él teñen relación”, *A Nosa Terra*, 180, 1 marzo 1923, p. 2.

sea de las tendencias que sea, venga de donde viniere y vaya a dónde, para dónde y por dónde quiera que vaya. Para los jóvenes que llevan en la frente una estrella y en la boca un cantar, que dijo nuestro Curros, me parecen pocos los alientos y pequeños todos los estímulos. Hay que ser generosos y magnánimos con los que empiezan y quieren llegar, lo mismo que con los que ya llegaron, levantando en alto los corazones por encima de todas las diferencias de criterio que puedan separarnos, y acabando para siempre con el sistema fratricida de combatirnos los unos a los otros, o de mirarnos con recelos nunca justificados, como si tuviésemos a gala estorbarnos mutuamente, cuando en Galicia cabemos todos y todos podemos movernos con independencia, sin necesidad de que nadie tenga que andar en público a codazos para abrirse camino.

Como se pode apreciar neste fragmento, a oportunidade era excelente para traer á memoria aquela arremetida devastadora de Manuel Antonio e Cebreiro dada ao público no mes de xuño de 1922. Así o fai agora unha das súas vítimas, Eladio Rodríguez González, representante insigne dos *vellos* vilipendiados en *¡Más alá!* O autor ourensán deixa ver claramente que, cando redacta estas liñas, ten aínda no maxín o arroutado manifesto do poeta e o debuxante:

Una fiebre demoledora ha invadido los cerebros juveniles de unos pocos que quieren formar la vanguardia de nuestra intelectualidad, llevándolos a creerse definidores únicos de las nuevas normas, y dogmatizadores infalibles en la revisión de nuestros valores, como si se sentiesen asistidos de superomnipotencia para derribar a golpes de pluma los nombres que están considerados como ídolos entre los gallegos, y como ídolos han sido consagrados en el altar de la popularidad por unánime y devota admiración.

Lo triste de esta iconoclastia, que parece tener instintos necrófagos, porque hasta con los muertos se atreve, es que no deja entrever un atisbo reconstructor. Todo es en ella destrucción implacable y desoladora. Para los nuevos aristarcos, nuestra presente y pretérita literatura resulta abominable y nefanda. Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Cabanillas, Lamas Carvajal y otros son unos vulgares fabricantes de tópicos de morriña y de saudade.

Y sin embargo, la saudade y la morriña constituyen la fuerza interior, la dinámica espiritual que en los gallegos es energía, vigor, pujanza, actividad, amor al trabajo, cariño a la tierra y vitalidad intensa para lle-

var a cabo, lejos del suelo nativo, dignificadoras empresas que culminan en obras de cultura, de instrucción, de beneficencia, de patriotismo racial, de progreso colectivo, de cooperación generosa a todo encumbramiento de Galicia.

Mientras los escritores nuevos, enemigos de toda emoción, proclaman el exterminio de la morriña y de la saudade, considerándolas perniciosas, permítasenos a lo viejos que expresemos nuestro ardiente deseo de que no se extingan esos sentimientos íntimos, que como realidades vivas son alma y nervio de nuestra raza.

Eladio Rodríguez González, como posíbel aviso para navegantes, indicará a seguir que o seu pensamento estético non está ancorado teimosamente en principios tradicionalistas, senón que se mostra aberto a calquera proposta poética, por avanzada que sexa, sempre que non linde coa extravagancia:

Mario Canda, por su edad y para fortuna suya, es el poeta más nuevo de la hora presente. A pesar de ello, sus poesías, en general, ajústanse más bien a los moldes del clasicismo que a las extravagancias inexpressivas de algunos extremados modernistas. No hago esta observación como mérito ni siquiera como alabanza, que para mí son igualmente estimables y dignas de entusiástico aplauso todas las escuelas poéticas, aún las del más avanzado futurismo o ultraísmo, si en ellas hay sensibilidad y no degeneran en desenfrenos de imágenes incongruentes y estrafalarias que riñen con la estética y deforman lamentablemente el lenguaje.

Coñecido contertulio da Cova Céltica na Librería Regional de Euxenio Carré Aldao, destacado colaborador da *Revista Gallega*, fundador da *Liga Gallega* na Coruña —onde desempeñou o cargo de bibliotecario na Xunta Directiva—, socio numerario desde o primeiro da Real Academia Galega —institución que o tivo como secretario e despois como presidente—, director do suplemento cultural *Nós* publicado no xornal coruñés *El Noroeste* e, en fin, poeta conservador de inspiración á vez ruralista e cívica, así se revelaba o *vello* Eladio Rodríguez González no ano 1928 sen deixar de ter en mente os ecos do manifesto asinado por Manuel Antonio e Cebreiro.

## Remate

Faise necesario aceptar a existencia de dúas lecturas para *¡Más allá!* ao longo do tempo. Unha primeira lectura, de natureza *literal*, foi a que recibiu o

texto naquel afastado mes de xuño de 1922, cando foi concibido por Antón Villar Ponte e secundariamente Álvaro Cebreiro, instrumentalizando ambos as honestas intencións estéticas de Manuel Antonio, como circunstancial arma política contra os *vellos*, isto é, os inimigos da Irmandade da Coruña, entre os que figuraba Eladio Rodríguez González, logo da escisión das Irmandades da Fala. Fronte a esta interpretación orixinaria máis que evidente, unha segunda lectura, de carácter *transcendental*, mereceu o manifesto tras case sesenta anos de permanecer no esquecemento a partir da súa nova edición no ano 1979, en coincidencia co Día das Letras Galegas en honra do poeta rianxeiro, cando *¡Máis alá!* comezou a ser enarborado como emblema da modernidade na historia literaria galega.

Con espírito fondamente conciliador denunciaba Eladio Rodríguez González, no prólogo ao poemario de Mario Canda antes comentado, o “sistema fratricida de combatirnos los unos a los otros, (...) cuando en Galicia cabemos todos y todos podemos movernos con independencia, sin necesidad de que nadie tenga que andar en público a codazos para abrirse camino”. En curioso paradoxo, o *vello* Eladio Rodríguez González pouco podía daquela figurarse que ata o mesmo Manuel Antonio, algúns anos despois, chegaría a ser acusado de *antigo*:

Manuel Antonio non é en ningún senso un poeta actual. (...). ¿É, pois, un clásico hoxe, Manuel Antonio? Debemos responder afirmativamente se damos á verba o seu significado máis primitivo. (...). N-iste senso é un clásico da poesía galega. (...). É, pois, algo xa estático, en repouso, en sosego. (...)

Ao encetar *Cego en Gaza*, preséntanos Aldous Huxley ao seu persoaxe Anthony Beavis revisando o seu album de fotografías. As belidas donas que outro tempo admirara, ofrecen nas instantáneas de vinte, de trinta anos atrás, adoviadas pol-a moda de aquela, un aspecto repelente de fealdade. (...)

Sen chegar a nos dar noxo, os procedimentos de escola tan afervoadamente aplicados por Manuel Antonio, fanos un pouco o mesmo efecto que os arreos anticuados nas imaxes das donas loubadas.<sup>31</sup>

Xosé Manuel Dasilva  
Universidade de Vigo

<sup>31</sup> Ricardo Carballo Calero, “A poesía de Manuel Antonio”, *Lar*, 260-262, 25 julio 1955, pp. 13-16.